



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE MAIO DE 2015

Ás 9.35 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa Orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**. Escusan a súa ausencia Nona Inés Vilariño, Susana Ladra González, María Inés Pernas Alonso, Sonia Rodríguez Beltrán, María Inmaculada García-Fuentes Corredoira, María Jesús Lorenzo Modia, Fernando Agrasar Quiroga, Manuel-Reyes García Hurtado e Sergio Eduardo Santos del Riego.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

O **reitor** informa dos asuntos que se trataron na reunión da CRUE que tivo lugar en Madrid o pasado día 6 de maio, en especial o estado de tramitación dos reais decretos de centros e de acreditación do profesorado. O primeiro está practicamente listo, mentres que o segundo está aínda pendente de informe de Consello de Estado.

O vindeiro día 3 de xuño terá lugar unha sesión do Consello Galego de Universidades, en que se vai informar o Decreto de taxas e prezos públicos e a oferta de titulacións do SUG.

Tamén informa da vindeira sinatura dun convenio de colaboración con Coren para o financiamento de axudas para a matrícula de estudantes con dificultades sobrevidas por un importe de 10 000 €

Informa do cesamento de Xosé Ramón Freixeiro Mato como director do Servizo de Normalización Lingüística. O profesor Freixeiro beneficiarase dun ano sabático durante o vindeiro curso académico. A responsabilidade deste servizo será asumida por Marisol Ríos Noya, baixo a dirección superior da Secretaría Xeral. Por último, sinala que a profesora Margarita Novales Ordax foi nomeada directora da Aula de Mobilidade da UDC, froito da colaboración coa Compañía de Tranvías da Coruña.

A continuación, o reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, quen informa, en primeiro lugar, da resolución da



convocatoria de axudas a organismos de investigación de Galicia para a creación, posta en marcha e impulso de unidades mixtas de investigación (UMI) da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Nela financiouse a solicitude conxunta da UDC e Navantia da UMI “O Estaleiro do Futuro” cun importe de algo máis de 685 000 euros, cun orzamento total da UMI de case 2,3 millóns de euros para un período de tres anos.

O vicerreitor informa tamén da publicación da proposta de resolución definitiva do MINECO de concesión de axudas a proxectos de I+D+i correspondentes ao Programa estatal de investigación, desenvolvemento e innovación orientada aos retos da sociedade ,así como tamén da publicación da convocatoria de axudas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas do sistema universitario de Galicia.

Tamén dá conta da realización dunha xornada informativa sobre esta última convocatoria da Xunta de Galicia e dun seminario sobre "Iniciativas de apoio á ciencia excelente en Galicia", coorganizado pola UDC e a GAIN, sobre diversas convocatorias dentro do piar “Ciencia Excelente” no programa H2020.

Finalmente, o vicerreitor informa da recepción do informe do Comité Asesor Internacional da Escola Internacional de Doutoramento da UDC e lembra o prazo interno establecido para o depósito das teses de doutoramento afectadas polos límites temporais de defensas de teses de estudantes de doutoramento en programas rexidos por ordenacións anteriores ao RD 99/2011.

O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías informa da aprobación da Normativa de xestión académica para o curso 2015-2016, así como das súas principais novidades: normas de permanencia, referencias aos programas de simultaneidade que se poñen en marcha no vindeiro curso, así como diversas cuestións puntuais que aclaran a xestión dos procesos de matrícula. En vindeiros días será exposta na web da UDC.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informa de que a Normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (aprobada polo Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014), na súa disposición final establece que a *“aplicación efectiva das compensacións recollidas nesta normativa, no curso académico 2015/2016, estará condicionada pola dispoñibilidades orzamentarias.*



Terán preferencia na súa aplicación aquelas que tradicionalmente viñan formando parte das compensacións do PDI da UDC nos últimos POD aprobados”.

Esta mesma normativa, na disposición adicional, sinala que o “*órgano habilitado para dilucidar calquera dúbida ou problema de interpretación ou de aplicación desta normativa será a Comisión Delegada do Consello de Goberno con competencias en materia de profesorado*”.

Na súa reunión do 18/05/2005, a COAP acordou que non se autorizará, para o curso académico 2015/2016, ningunha praza nin cambio de dedicación por unha contía equivalente de ata 90 horas se a área ten compensacións por quinquenios, docencia e ANEP que sumadas sexan superiores ás 90 horas.

Tamén informa de que, no Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2015, se aprobaron os criterios para seleccionar as áreas de coñecemento para a promoción mediante un concurso de contratados interinos de substitución (CIS) e asociados que contasen cunha acreditación a axudante doutor (AX-DR) ou profesor contratado doutor (PCD). Nesta normativa sinalábase a convocatoria de cinco prazas para a transformación de CIS ou asociados a tempo parcial (TP). Tamén se informará o Consello de Goberno da posibilidade de cambiar a dedicación de interino de substitución de tempo parcial a tempo completo, se contan coa correspondente acreditación de AX-DR ou PCD, para cubrir necesidades docentes antes de convocar concursos de prazas con dedicación parcial.

Os departamentos solicitaron a transformación dos seus CIS e asociados a tempo parcial acreditados, e se a área non se atopaba entre as cinco seleccionadas pola aplicación do disposto na normativa do 27 de febreiro, solicitaban o cambio de dedicación a TC por necesidades docentes.

Dada a diferenza de custo entre as categorías de AX-DR e CIS TC (contratado interino de substitución a tempo completo) (+/- 1800€ superior no caso do AX-DR), trasladámoslles aos departamentos solicitantes a posibilidade de convocar prazas de AX-DR (vs CIS) se o profesorado/área se compromete a asumir a mesma docencia que un CIS TC (300 horas). A UDC non está en condicións de asumir o custo da transformación a AX-DR (mais a contratación dun Asoc. P03) para cubrir as 300 horas. Esta combinación ten un custo de 9000 € máis que un CIS TC. O beneficio para o PDI sería ocupar, cun soldo similar, unha praza máis estable (5 anos



fronte a renovacións anuais do CIS) e unha posibilidade de promoción máis certa (compromiso recollido no II Convenio colectivo do PDI laboral).

A vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas informa de que a UDC está a probar desde hai unha semana unha nova modalidade de contratación na subministración eléctrica baseada na compra directa en mercado eléctrico (OMIE). Este sistema evita a presenza das comercializadoras eléctricas e busca, entre outras cousas, conseguir un mellor prezo da enerxía consumida, que supón entre 1,5-2 millóns de euros ao ano para a UDC.

A primeira proba realizárase con tres centros: Facultade de Informática, Facultade de Filoloxía e Edificio de Servizos Centrais de Investigación. Agradece publicamente a colaboración tanto dos responsables destes edificios (decanos e director do ESCI), como o traballo dos servizos afectados, xa que o procedemento implica moitas esixencias do punto de vista da xestión económica e técnica.

A vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deporte informa de que A UDC retornou aos Campionatos de España Universitarios convocados polo Consello Superior de Deportes.

A UDC participou en 5 das 25 modalidades convocadas, cun total de 20 deportistas cos seguintes resultados:

Do 28 ao 30 de abril, disputouse o Campionato de España de Atletismo en Cartagena: Anxo Blanco Núñez (4.º posto en triplo salto), Carlos Moro Martínez (bronce en 400 vallas), Denís Galán Cambón (prata en 100 metros lisos), Antía Martínez Queimaño (semifinalista en 100 vallas) e Eugenia Gil Soriano (4.º posto en 400 metros lisos)

Do 12 ao 15 de maio en Palma de Mallorca disputouse o campionato de vela: Sofía Toro Prieto-Puga (campioa olímpica), Laura Sarasola Díez, Jano Toro Prieto-Puga e Lois Rodríguez Lorenzo conseguiron a medalla de bronce (na clase monotipo J80).

No Campionato de España Universitario de Remo, do 15 ao 16 de maio en Banyoles, participaron 8 deportistas: Álvaro García Fernández, Daniel Salvador García, Borja Sánchez Vázquez, Rubén Ferreira Castiñeira, Jorge Salvador García, Jorge Sanmartín García, Pablo Loureiro Iglesias, Samuel Santiuste Suárez e Marina Castro García, que conseguiron a medalla de bronce na categoría de 8+1.



No Campionato de España Universitario de Tenis, a deportista María Berini Pita da Veiga competiu no cadro individual feminino (14-17 de maio. Madrid UCJC).

Por último, a xinete Patricia Juane Borreguero participa esta semana no Campionato de España Universitario de Hípica que se celebra os días 29, 30 e 31 de maio no campus de Villafranca del Castillo (Madrid) da UCJC.

Así mesmo, informa da inauguración o pasado día 14, de Atmosferas, o último proxecto expositivo de NORMAL que estará aberta ata o mes de agosto; e da realización o pasado día 21 da V Xornada de Orientación, destinada a orientadores, directores e profesorados de ensino medio, dentro do programa da difusión das titulacións.

A **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informa de que, segundo aparece reflectido no punto 3 do texto do acordo polo que se crea o Campus UDC-Universidade Saudable (Consello de Goberno do 28 de novembro de 2014) para facilitar o traballo en rede e as actuacións dos distintos axentes implicados neste proxecto, cómpre nomear unha Comisión Técnica.

Tras se reunir as persoas que participaron activamente na elaboración do proxecto, acordouse que a dita comisión estivese formada ademais de pola presidenta e o director do programa, polos seguintes membros:

- Responsable ou persoa delegada do Servizo de Atención á Diversidade (ADI).
- Responsable ou persoa delegada da Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX)
- Responsable ou persoa delegada da Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV)
- Responsable ou persoa delegada do Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Responsable ou persoa delegada do Servizo de Arquitectura e Urbanismo
- Responsable ou persoa delegada do Servizo de Deportes
- Responsable ou persoa delegada da Oficina de Medio Ambiente (OMA)
- Responsable ou persoa delegada do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)
- Responsable ou persoa delegada da Universidade Sénior
- Responsable ou persoa delegada do Gabinete de Comunicación



- 2 estudantes (un por campus)

Para coordinar mellor as distintas actividades que se van desenvolver, o/a director/a do programa designará un delegado ou delegada no campus da Coruña e outro/a no campus de Ferrol, dos que un deles exercerá a función de secretaria/o da Comisión.

A vicerreitora sinala que xa está en marcha o concurso de proxectos para a explotación da cafetería comedor do campus de Esteiro. Como se informou neste Consello de Goberno, no mes de marzo asinou un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a UDC para a convocatoria dun concurso de proxectos para impulsar o emprendemento. O dito concurso está destinado a persoas tituladas recentes nun ciclo formativo de FP e o seu obxecto é a explotación da cafetería comedor do campus de Ferrol en Esteiro. Trátase dun proxecto co que se pretende non só fomentar o emprendemento baixo a forma do cooperativismo, senón tamén dar un paso máis, e apoiar, asesorar e acompañar os promotores do proxecto que resulte gañador durante os catro anos de posta en marcha do seu negocio. Estas tarefas serán desenvolvidas polo persoal do viveiro de empresas de FP e da Rede eusumo da Consellería de Educación. Trátase, por tanto, dun proxecto novo de colaboración entre institucións públicas do ensino universitario e non universitario, que é unha clara aposta polo emprendemento de cara á creación de emprego xuvenil.

Pola novidade deste proxecto, a súa implementación supuxo un longo proceso técnico. A vicerreitora agradece o traballo realizado pola vicexerenta, o director técnico e a secretaria da Vicerreitoría do Campus de Ferrol.

A convocatoria do concurso xa foi publicada e na páxina web da UDC pódese encontrar a información.

Por último, a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social lembra que o xoves 21 de maio dentro das actividades programadas no marco da celebración do 25 aniversario da Universidade da Coruña, tivo lugar no auditorio de Ferrol un concerto da Orquestra Sinfónica de Galicia, organizado en colaboración co Concello de Ferrol. Foron convidados todos os membros da comunidade universitaria.

O **xerente** informa de que, tras as eleccións do 6 de maio, rematou xa o proceso de eleccións sindicais, e con el o de renovación de órganos de



representación dos traballadores. Así mesmo, dá conta da entrada en vigor o pasado día 24 deste mes da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, publicada no DOG núm. 82 do 4 de maio, que resulta de aplicación ás universidades públicas galegas nos termos establecidos na propia lei.

Por último, o **secretario xeral** informa de dous asuntos.

En primeiro lugar, anuncia que o equipo de goberno está a elaborar un plan director de racionalización de centros e departamentos.

Durante os últimos 25 anos, a UDC consolidouse como universidade dotada de todas as infraestruturas docentes e investigadoras necesarias para ofrecer un servizo público de educación superior de calidade. O noso crecemento institucional produciuse mediante dous grandes procesos: por unha banda, a integración de centros e titulacións xa existentes (Colexio Universitario, Escola Superior de Mariña Civil, Escola Universitaria de Empresariais, Escola Universitaria de Formación do Profesorado de EXB, INEF, ETS de Arquitectura, EU de Arquitectura Técnica, Escola Universitaria Politécnica, Escola Politécnica Superior, Facultade de Dereito, EU de Informática); por outra, a paulatina creación de novos centros, a medida que se foi aprobando o actual mapa de titulacións. Tamén a medida que se foron incorporando titulacións se foi desenvolvendo o proceso de creación de departamentos.

Este desenvolvemento levou a que, na actualidade, contemos con 21 centros propios e 43 departamentos, repartidos entre os dous campus da Coruña e Ferrol.

O tempo transcorrido e os cambios institucionais e legais acaecidos no ámbito universitario; a situación económico-orzamentaria que atravesamos o sistema universitario galego; o escenario de crecente competencia na captación de estudantes e proxectos de investigación transferencia; así como os retos de mellora da eficiencia marcados polo Plan estratéxico UDC 2020, aconsellan desenvolver un plan de racionalización das estruturas de centros e departamentos que nos permitan adaptarnos de xeito máis acaído a ese futuro. Os obxectivos deste plan son: simplificar as estruturas administrativas e eliminar duplicidades innecesarias; aproveitar de xeito máis eficiente os recursos orzamentarios dispoñibles e axeitar as estruturas organizativas da docencia e a investigación á oferta de titulacións de grao e mestrado.



Mais tamén é obxectivo do plan director xestionar a propia política organizativa da casa dun xeito participativo e transparente, implicando a toda a comunidade universitaria na busca de consensos que fagan realmente eficaces as reformas. Por iso, abriremos a partir de agora un período de exposición e diálogo cos centros e departamentos afectados, antes de o volver tratar, xa en forma de proposta de acordo, no Consello de Goberno.

En segundo lugar, o secretario xeral informa de que, para o vindeiro curso académico, a Universidade porá en marcha unha nova política de aloxamento universitario. A transformación da situación económico-financeira, ben como a evolución da demanda de aloxamento universitario, aconsellan complementar a xestión directa a través de residencia pública – só existente no caso do campus de Ferrol– cun modelo complementario de axudas ou bolsas directas aos estudantes, para o cal é requisito eliminar o modelo de residencia concertada existente desde o ano 1993. A nova convocatoria de axudas de aloxamento está nos seus últimos trámites, e será anunciada en datas vindeiras á comunidade universitaria e aos futuros usuarios/as da Universidade.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de abril de 2015

O secretario xeral somete á aprobación do Consello o borrador da acta da sesión ordinaria do 30 de abril, sinalando que onte chegou unha solicitude de incorporación de Jorge Dacosta, sobre a resposta dada polo reitor á súa pregunta.

O texto da contestación do reitor foi incorporado hoxe mesmo á acta que figura no repositorio documental.

Tras o anterior, a acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

Para os efectos de cumprir o que establece o artigo 27.2 dos Estatutos da Universidade da Coruña, o secretario xeral dá conta dos convenios que figuran no **anexo III**, que se clasifican nesta ocasión nun (1) convenio marco, sete convenios específicos (7), e sesenta e cinco convenios para prácticas (65) e que cumpriron todos os trámites preceptivos previos que se requiren para a súa aprobación polo Consello de Goberno nesta sesión.



A listaxe apróbbase por asentimento.

4. Modificación do Regulamento de creación, modificación e supresión dos institutos universitarios

O reitor cédelle a palabra ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, que expón as distintas modificacións, así como a súa finalidade fundamental, que é a de actualizar unha norma interna de xullo do ano 2006, previa a normas de rango superior que regulan os institutos (LOU, Lei 6/2013 e Estatutos da Universidade da Coruña).

As modificacións negociáronse na Comisión de Investigación e coas direccións dos distintos institutos. Introdúcese unha importante modificación, a avaliación plurianual dos institutos (cinco anos), así como a aplicación das normas de filiación de publicacións; novos criterios de autorización de creacións; novas normas de adscrición de investigadores e grupos aos institutos.

Trátase dunhas modificacións, en definitiva, que buscan proporcionar unha norma eficaz, que se aplique efectivamente para xestionar a política da UDC sobre estas estruturas administrativas singulares. O vicerreitor agradece a todas as persoas participantes as súas achegas ao resultado final, que considera satisfactorio.

José Manuel Sobrino Heredia agradece o procedemento, pois informouse e púidose discutir o texto nas súas versións e alcanzar un consenso nas modificacións. O único punto de discordia, sinala, é a data de entrega da avaliación dos departamentos, pois as avaliacións externas son múltiples e parecen non ter fin, polo que solicitou adiar a data da primeira avaliación. O vicerreitor replica defendendo a validez da data incluída na modificación para tal efecto (15 de outubro de 2015).

Tras as anteriores intervencións, o punto apróbbase por asentimento e incorpórase como **anexo IV** á acta da sesión.

5. Calendario académico de inscrición e matrícula nos estudos de doutoramento 2015-2016

Continúa coa palabra o vicerreitor de Investigación e Transferencia. Como é habitual por estas datas, logo de ser elaborado polos órganos da Escola Internacional de Doutoramento da UDC, sométese a aprobación o



calendario de matrícula de doutoramento. É similar ao actual, e procurouse, no posible, axeitarse ao das outras dúas universidades galegas.

Sen intervencións, apróbase por asentimento do Consello de Goberno e incorpórase como **anexo V**.

6. Títulos propios de posgrao

Toma a palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías para expor os títulos propios de posgrao que se integran na documentación que se xunta.

As propostas de renovación foron informadas favorablemente pola comisión de estudos de posgrao. Todos estes títulos son xestionados de maneira delegada pola FUAC.

Miguel Muñoz Cantero pregunta por que non participa o seu departamento no Curso de Especialización en Orientación Laboral. O vicerreitor replica que este curso se imparte conxuntamente entre as tres universidades con financiamento da Consellaría de Asuntos Sociais e que os promotores teñen autonomía para organizar a materia do curso.

Co voto en contra de Miguel Muñoz Cantero á aprobación deste curso de especialización, apróbase por asentimento dos restantes membros do Consello de Goberno e incorpóranse como **Anexo VI**

7. Nomeamento de membros da Comisión Interna de Universidades. Programa Docencia

Continúa coa palabra o vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías, para expor o punto.

Hai dúas vacantes causadas por Sergio Santos del Riego e María Jesús Lorenzo Modia. A proposta do vicerreitor é nomear como vogais os profesores J. Casto Rivadulla Fernández (Área de Ciencias da Saúde) e Teresa López Fernández (Área de Artes e Humanidades).

Apróbase a proposta por asentimento dos membros do Consello de Goberno

8. Proposta de autorización de anos sabáticos para o curso académico 2015-2016



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente solicita a autorización para concederlles anos sabáticos aos profesores e profesoras que constan na documentación que se xunta, e que teñen informe favorable da COAP. Trátase dos profesores María Jesús Dios Viéitez (Área de Construcións Arquitectónicas), José Manuel Estévez Saa (Área de Filoloxía Inglesa), María Milagros Ezquerro García-Noblejas (Área de Educación Física e Deportiva), Andrés Faiña Medín (Área de Fundamentos de Análise Económica), Mauro Andrés Fernández Rodríguez (Área de Lingüística Xeral), Xosé Ramón Freixeiro Mato (Área de Filoloxía Galega), Narciso de Gabriel Fernández (Área de Teoría e Historia da Educación), Ricardo García Mira (Área de Psicoloxía Social), María Luz González Doniz (Área de Fisioterapia), Ana María Veleiro Pérez (Área de Filoloxía Española), Eva Valcárcel López (Área de Literatura Española).

A COAP informou desfavorablemente o ano sabático solicitado pola profesora María Frías Rudolphi (Área de Filoloxía Inglesa), por ter informe desfavorable do Departamento de Filoloxía Inglesa.

Sen intervencións, apróbanse por asentimento as propostas con informe favorable e denégase o ano sabático solicitado por María Frías Rudolphi, que se incorporan como **anexo VII**.

9. Proposta de autorización de licenzas

Continúa coa palabra o vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, que solicita a concesión das licenzas de estadía de investigación por máis de tres meses para o vindeiro curso académico ao profesorado que figuran no anexo. Todas as solicitudes, agás a da profesora Patricia Faraldo, son solicitadas por seren beneficiarias de axudas para estadías en centros estranxeiros de excelencia, convocadas polo programa José María Castillejo.

Apróbase por asentimento e incorpórase o acordo de autorización de licenzas como **anexo VIII** á acta deste Consello de Goberno.

10. Proposta de revisión da norma sobre Promoción do profesorado axudante doutor e investigador dos programas Ramón y Cajal e Isidro Parga Pondal (aprobado no Consello de Goberno do 27 de maio de 2014 e modificado por acordo do Consello de Goberno do 30 de setembro de 2014)



O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente fai unha proposta de revisión desta norma de promoción, que se centra en resolver acoidadamente a problemática da transformación dos axudantes doutores en CIS. A modificación afectaría ao procedemento previsto no punto 2.

Sen intervencións, apróbase por asentimento a proposta e incorpórase a modificación como **anexo IX**.

11. Quenda aberta de intervencións

Na quenda aberta de intervencións, prodúcense as seguintes:

O estudante Jorge Dacosta lembra que no pasado Consello de Goberno expuxo os problemas dos prazos de matrícula nos TFG do centro, e aínda non tivo contestación do vicerreitor. O vicerreitor replica que non se contestou porque a cuestión suscitada sobre a matrícula e defensa dos TFG é delicada, e precisa dunha valoración demorada para poder darlle unha contestación en firme, polo que require máis tempo. Considera que a semana que vén poderá ter unha resposta.

Guillermo Lorenzo pregunta polas bolsas para estadías predoutorais UDC-Inditex. Cando se prevé a convocatoria, con que contía, e cando se prevé a súa resolución? O vicerreitor de Investigación e Transferencia contesta que Inditex solicitou introducir unha cota para estudantes con discapacidade, mais tardou moito en enviar unha proposta de modificación das bases da convocatoria. Nestes momentos está a piques de publicarse a convocatoria. As condicións e contías son as de sempre, co engadido desa cota para estudantes con discapacidade.

David Espiñeira remítese ao Plan estratéxico UDC 2020 para solicitar que o Centro de Linguas oferte cursos de linguaxe de signos. A vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade social comprométese a analizar a proposta, lembrando que xa se están a organizar, desde a Oficina de Atención á Diversidade, cursos para profesores e estudantes.

Luis Hervella pregunta sobre a repercusión da baixa laboral nas ausencias aos órganos colexiados. Solicita que se simplifique ao máximo a presenza de profesores nos órganos colexiados no proceso de avaliación docente Docentia. O secretario xeral expón a postura da Secretaría Xeral sobre as consecuencias das IT na pertenza aos órganos colexiados. O vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías considera que a asistencia a órganos



colexiados é un indicador indirecto da participación do profesorado na vida do centro.

Xosé Portela pregunta sobre a asunción de responsabilidades do SNL por Marisol Ríos Noya. Vai levar aparelado un complemento salarial? Tamén pregunta cales son os centros afectados por este plan de racionalización. O vindeiro día 1 vaise constituír a Xunta de Persoal do PAS funcionario, e solicita unha reunión co xerente. O secretario xeral replica que o cesamento de Xosé Ramón Freixeiro ten que ver coa concesión, que acaba de autorizarlle este Consello de Goberno, dun ano sabático para o vindeiro curso académico. Porén, a Secretaría Xeral decidiu non propor ningún PDI para o substituír, por considerar que o PAS do servizo está suficientemente preparado para asumir de seu a dirección e execución das políticas de normalización lingüística, sen prexuízo da superior dirección da Secretaría Xeral. Dentro da organización funcional do servizo, a Secretaría Xeral encoméndalle á funcionaria con máis antigüidade, Marisol Ríos, a dirección desta área, mais sen variacións nos postos de traballo nin nas retribucións do servizo, que seguen a ser as previstas na vixente RPT. Sobre os centros afectados polo plan de racionalización, o secretario xeral considera que, por unha cuestión de respecto institucional, deberán ser eses centros afectados os primeiros en coñecer o proceso de reflexión que abre o equipo de goberno coa elaboración deste plan director, o que se fará en datas próximas mediante reunións bilaterais cos centros e departamentos.

Moisés Canle comenta que as suxestións que están a presentar os avaliadores en materia de sistema de garantía de calidade non son simplemente do seu centro, senón que implican a Vicerreitoría e a propia institución. O vicerreitor contesta que a Vicerreitoría está informada e preocupada por atender os requirimentos que fan os avaliadores sobre a mellora dos sistemas de garantía de calidade, que considera moi positivos para mellorar as titulacións e o propio funcionamento dos centros.

Tras as anteriores intervencións, o reitor remata a sesión ás 10:50 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Amoedo Souto

Xosé Luís Armesto Barbeito



Anexo.

Transcrición literal solicitada polo Sr. Portela da súa intervención na quenda aberta (art. 27.2 LPAC)".

Xosé Manuel Portela Fernández, representante do PAS no Consello de Goberno, quere sinalar, á vista do publicado no Borrador de Acta da sesión do 28 de maio que non se corresponde, na súa totalidade, co que sinalou na reunión do Consello de Goberno, transcribe o que reflectiu na dita sesión:

"Comunicóusenos no Informe do Reitor que, polo cese de D. Xosé Ramón Freixeiro Mato asumirá as súas funcións Dna Marisol Ríos Noya, diante desta circunstancia ternos que sinalar:

- Que non houbo comunicación, diálogo nin negociación coa Xunta de Persoal, órgano de representación do persoal afectado.
- Que a decisión tomada afecta á negociación en marcha ,coa Xunta de Persoal, da RPT do PAS, realizándose a imposición a unha traballadora de funcións non contempladas na RPT actual e que viña desenvolvendo Xosé Ramón Freixeiro
- A atribución desas novas responsabilidades contempla a percepción de retribucións adicionais?

Pode sinalar que centros se verán afectados polo plan de racionalización anunciado polo secretario xeral?

O vindeiro 1 de xuño terá lugar a constitución da nova Xunta de Persoal. Na última reunión realizada pola Xunta de Persoal saínte acordouse solicitar unha reunión coa Xerencia o que sinalamos para que o xerente adecúe a súa axenda tendo en conta xa esa solicitude."

Atentamente,

A Coruña, 29 de xuño de 2015

Xosé Manuel Portela Fernández